

4

**sector público
e bienestar social**



comunidade autónoma

OS PRESUPOSTOS DA Comunidade Autónoma do ano 2001, segundo a súa exposición de motivos, tratan de acadalo equilibrio entre as estratexias de actuación con maior capacidade de impulsa-lo crecemento económico: os investimentos en infraestruturas, en tecnoloxía, investigación e en formación de capital humano, coa continuidade das políticas de cohesión social, dentro dunha política de estabilidade preconizada pola UE.

O presuposto do ano 2001 ten como referencia, respecto a planificación de obxectivos e liñas de actuación, o Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia (PEDEGA), aprobado o 26 de outubro de 1999 polo Parlamento de Galicia, que contén a política socioeconómica da Xunta de Galicia, por un importe de 11.707,7 millóns de euros, para o período 2000-2006, e que inclúe a formulación da estratexia operativa por eixes do PDR 2000-2006, cun importe de 10.728,1 millóns de euros.

Os fondos estruturais (FEDER, FSE, FEOGA-Orientación e IFOP) que corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, en dito período, acadan os 2.582,5 millóns de euros, o 24% do PDR. A Administración Xeral do Estado inclúe en “actuacións programadas para Galicia”, en dito período, 1.661,8 millóns de euros, e a “participación da Comunidade Autónoma en programas plurirrexionais” ascende a 1.398 millóns de euros. A suma das tres cantidades acada un volume total da “Axuda prevista para Galicia” como comunidade Obxectivo 1 para o período 2000-2006 de 5.642,3 millóns de euros, o que supón o 13,8% do conxunto do Estado.

No ámbito dos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2001 intégranse os presupostos da súa Administración Xeral, dos seus Organismos Autónomos e das súas Sociedades Públicas (Entes Públicos e Sociedades Mercantís). As fundacións



Ámbito dos Presupostos Xerais da C.A. de Galicia 2001

Administración Xeral	Administración Institucional		
	Organismos Autónomos		Sociedades Públicas
Seccións	Administrativos	Comerciais, industriais e financeiros	Entes públicos Sociedades mercantís
Parlamento (1) Consello de Contas (1) Consello da Cultura Galega (1)			
Cª de Presidencia e Admon. Pública	EGAP		S.A. de Desenvolvemento Comarcal S.A. Centro Supercomput. de Galicia
Cª de Economía e Facenda	IGE	CES IGAPE CIXTEC	CEEI Galicia, S.A. SODIGA SPI Galicia S.A. XES Galicia S.A.
Cª de Política Territorial, O.P. e Vivenda	Augas de Galicia	IGVS	Portos de Galicia Obras e Serv. Hidráulicos Xestur Coruña, S.A. Xestur Lugo, S.A. Xestur Ourense, S.A. Xestur Pontevedra, S.A.
Cª de Educación e Ord. Universitaria			
Cª de Industria e Comercio	IGC		Instituto Enerxético de Galicia Galicia Calidade, S.A.
Cª de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria		ILGGA	Xenética Fontao, S.A.
Cª de Cultura, Comunicac. Social e Turismo		IGAEM	CRTVG F.P. Cidade da Cultura de Galicia TVG, S.A. RTVG, S.A. S.A. Xestión Xacobeo S.I.P.T.-Galicia S.A. Retegal, S.A.
Cª de Sanidade e Servicos Sociais	Sergas		Fundacións públicas: Hospital de Verín I.G. Oftalmoloxía Hospital Virxe da Xunqueira Hospital A Barbanza Escola Galega de Admón. Sanitaria Urxencias de Galicia Hospital Comarcal do Salnés Medtec, S.A.
Cª de Pesca, Marisqueo e Acuicultura			
Cª de Xustiza, Interior e Relacións Laborais	AGS		
Cª de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude	SGPIHM		
Cª de Medio Ambiente			Sogama, S.A.
Consello Consultivo de Galicia (1) Transferencias a CC.LL. Débeda Pública Gastos diversas Consellerías			

(1) Órganos estatutarios sen dependencia funcional da Administración Xeral.
Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

públicas Cidade da Cultura de Galicia e Hospital Comarcal do Salnés incorpóranse no presuposto de 2001 e desaparece Xestión Enerxética de Galicia, S.A. (**cadro 4.1.1.**).

O sistema financeiro

No ano 2001 expira a vixencia dos dous modelos de financiamento da Comunidade Autónoma: xeral e sanitario.

O modelo financeiro xeral aplicable a Galicia no 2001, inspirado nos principios de

autonomía financeira, suficiencia de recursos e solidariedade, é o do réxime común regulado na Lei Orgánica 3/1996, de modificación parcial da LOFCA, segundo o modelo vixente para o período 1997-2001, do que se exclúe o modelo de financiamento sanitario. A Lei 14/1996, do 30 de decembro, establece a cesión parcial do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF), cun límite máximo do 30% do rendemento do imposto, e atribúe á Comunidade Autónoma capacidade normativa sobre o seu tramo autonómico, sobre o Imposto sobre Sucesións e Doazóns e sobre o

Imposto sobre o Patrimonio das Persoas Físicas. Dito modelo trata de amplía-la súa autonomía financeira e a corresponsabilidade fiscal das comunidades autónomas, aínda que segue configurado como un sistema baseado, sobre todo, nas transferencias derivadas da participación nos ingresos do Estado (PIE).

O modelo toma como referencia o importe percibido no ano 1996, en concepto de PIE, minorándoo no valor correspondente ó rendemento do IRPF no mesmo exercicio. A participación dos ingresos estatais (PIE), cunha porcentaxe no ano 2001 do 0,9677802, evoluciona en paralelo cos ingresos tributarios axustados estruturalmente (ITAE) e os dous tramos do IRPF (autonómico e estatal territorializado) evolucionan de acordo coa variación da recadación líquida do IRPF ingresado polos residentes en Galicia. En ámbolos dous casos, o Fondo de Garantía, en base ó principio de suficiencia de recursos, garante que a evolución mínima será igual ó incremento do PIB nominal ó custo dos factores no ano 2001.

O modelo de financiamento dos servizos sanitarios asumidos polo Sergas foi aprobado polo Consello de Política Fiscal e Financeira para o período 1998-2001, a través de dous fondos: xeral e de atencións específicas, que como criterio básico de distribución utiliza o concepto de “poboación protexida”, e se actualiza pola evolución do PIB nominal ó custo de factores.

No ano 2001, Galicia tivo unha porcentaxe de financiamento dos presupostos do Insalud do 6,93%, 0,28 puntos por riba da súa porcentaxe de poboación de dereito (6,65%). Con este modelo, e de acordo co período de homologación establecido no artigo 82 da Lei 14/1986, Xeral de Sanidade, Galicia pasou de recibir 753,3 millóns de euros no ano 1991 a recibir 2.078,9 millóns de euros no ano 2001, último ano do actual modelo. No ano 2001, o financiamento per cápita dos servizos sanitarios acadou as 705,6 euros/habitante (sen control da I.T.) o que sitúa a Galicia en ter-

ceiro lugar de financiamento per cápita, despois de Cataluña e País Vasco, e por diante de Andalucía, Canarias, Comunidade Valenciana e Comunidade Foral de Navarra.

A conta financeira

O presuposto consolidado (Administración Xeral e mailos seus Organismos Autónomos) da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2001 ascendeu a 6.758,6 millóns de euros, un 8,1% superior ó do ano 2000, o que representa o 19% do VEB galego a prezos básicos (prezos correntes) [fonte: IGE] e supón 2.480,6 euros/habitante.

A estimación dos ingresos non financeiros no 2001 sitúase en 6.526,8 millóns de euros, cunha variación respecto a 2000 do 9%, mentres que a estimación dos gastos non financeiros ascende a 6.468 millóns de euros, o que supón unha variación do 7% respecto a 2000. O gasto en atencións financeiras acadou os 290,5 millóns de euros. O aforro por operacións correntes acadou os 840,3 millóns de euros, o que supón un 28,2% de incremento respecto ó exercicio anterior. O déficit por operacións de capital ascendeu a 781,5 millóns de euros, o que representa un 10,5% de incremento sobre o exercicio anterior.

Por primeira vez estímase unha situación inicial de superávit non financeiro, que cífrase en 58,8 millóns de euros, e sen endebedamento neto. Todo o endebedamento bruto (215,5 millóns de euros) aplícase a amortización da débeda.

Os gastos por operacións non financeiras de capital acadaron os 1.472,8 millóns de euros, un 13% superior ó ano anterior, equivalente ó 4,1% do VEB galego a prezos básicos, prezos correntes (fonte: IGE).

A ratio de aforro neto (aforro por operacións correntes–endebedamento neto)/operacións de capital (gastos) pasa do 45,7% do exercicio anterior ó 57% en 2001, o que

supón un incremento da cobertura das operacións de capital polo aforro neto.

A carga financeira da débeda pública nos presupostos de 2001 situouse en 396,3 millóns de euros, 180,8 millóns de euros de gastos financeiros e 215,5 millóns de euros de amortización da débeda. A carga financeira supuxo o 6,8% dos ingresos correntes presupostados, aumentando un 6,4% (23,7 millóns de euros) dez puntos menos do aumento rexistrado no ano anterior (**cadro C.4.1.- Conta financeira da Comunidade Autónoma. 2000-01**).

En termos de caixa, os ingresos non financeiros da Administración Xeral acadaron a 31 de decembro de 2001 os 5.451,1 millóns de euros, un 9,2% máis que o ano anterior. Os pagos non financeiros ascenderon a 4.349,3 millóns de euros, un 4,9% máis que o ano anterior.

4.

O presuposto da Administración Xeral

O presuposto de ingresos da Administración Xeral da Comunidade Autónoma estímase en 4.640,7 millóns de euros, cun incremento nominal do 9% sobre o exercicio anterior. Os ingresos non financeiros aumentan un 10,3% e os ingresos financeiros diminúen nun 11% respecto do ano anterior.

Dentro do capítulo dos ingresos por impostos directos, cabe destacar que a estimación dos ingresos polo concepto de IRPF cedido acadan os 324,2 millóns de euros, cun incremento do 9% (26,7 millóns de euros) respecto do ano anterior, acadando o 43,9% sobre o total do capítulo dos tributos cedidos e o 7% do total dos ingresos.

Dentro do capítulo dos ingresos por transferencias correntes, salientan os ingresos polo concepto de Participación nos Ingresos do Estado (PIE), que acadan os 2.095,8 millóns de euros, cun incremento do 8,6% (166,6 millóns de euros) respecto ó ano ante-

rior, o que supón o 71,5% sobre o total del capítulo de transferencias correntes e o 45,3% sobre o total dos ingresos. Dentro deste capítulo figuran 66,2 millóns de euros correspondentes ó concepto de Fondo Social Europeo, cun incremento do 74,3% (28,2 millóns de euros) respecto ó ano anterior.

No capítulo de transferencias de capital cabe destaca-los 139,7 millóns de euros do concepto do Fondo de Compensación Interterritorial (FCI), cunha diminución do 6,1% (9,1 millóns de euros) respecto ó ano anterior, o que representa o 15,9% da dotación total do FCI para o ano 2001, 1,6 puntos por debaixo da do ano 2000 (17,5%), debido á mellora relativa, por efecto poboación, de Galicia respecto ó Estado (**cadro 4.1.2.**). O modelo vixente do FCI consta de cinco variables distributivas (porcentualmente ponderadas): poboación (87,5%), superficie (3%), paro (1%), saldo migratorio (1,6%) e dispersión da poboación (6,9%), e de dúas variables redistributivas: VEB/hab. (20% sobre o resultado anterior) e insularidade (3,2% de adición a Canarias).

Neste capítulo inclúense as transferencias de capital dos Fondos Europeos, que, no ano 2001, evolucionaron do seguinte xeito:

- As transferencias estimadas do FEDER acadan os 165,9 millóns de euros, un 23% (31 millóns de euros) máis que o ano anterior.
- As transferencias estimadas do FEOGA acadan os 167,6 millóns de euros (66,8 millóns de euros, na sección garantía e 100,7 millóns de euros, na sección orientación), un 27,7% (36,3 millóns de euros) máis que o ano anterior.
- As transferencias estimadas do IFOP acadan os 77,1 millóns de euros, un 20% (12,8 millóns de euros) máis que o ano anterior.
- As transferencias estimadas do Fondo de Cohesión acadan uns ingresos de 22,3 millóns de euros, un 85,8% (10,3 millóns de euros) máis que o ano anterior.

Non se estima ningún ingreso pola ini-

CADRO 4.1.2.

Fondo de Compensación Interterritorial 2000-01: capítulo VII do presuposto de gastos do Estado

	2000		2001	
	importe (en miles de €)	(%)	importe (en miles de €)	(%)
Andalucía	351.973	41,4	371.444	42,2
Asturias	28.067	3,3	32.486	3,7
Canarias	35.906	4,2	37.772	4,3
Cantabria	7.899	0,9	9.610	1,1
Castela-León	65.810	7,7	60.454	6,9
Castela A Mancha	61.754	7,3	61.678	7,0
C. Valenciana	54.731	6,4	55.486	6,3
Extremadura	64.365	7,6	74.927	8,5
Galicia	148.778	17,5	139.714	15,9
Murcia	30.975	3,6	37.296	4,2
Total	850.258	100	880.867	100

Fonte: Ministerio de Economía y Hacienda

CADRO 4.1.3.

Presuposto de ingresos e gastos da Administración Xeral da C.A. 2000-01: distribución económica

Capítulos	Ingresos				Valor relativo	
	2000	2001	01/00		2000	2001
	(en miles de €)		importe	(%)		
I Impostos directos	412.769	447.417	34.648	8,4	9,7	9,6
II Impostos indirectos	222.645	245.634	22.989	10,3	5,2	5,3
III Taxas, prezos e outros ingresos	126.213	128.844	631	0,5	3,0	2,7
IV Transferencias correntes	2.700.059	2.963.098	263.039	9,7	63,4	63,9
V Ingresos patrimoniais	10.217	10.542	325	3,2	0,2	0,2
Total Operacións Correntes	3.471.903	3.793.534	321.632	9,3	81,5	81,7
VI Alieamento de investimentos reais	300,5	180,3	-120	-40,0	-	-
VII Transferencias de capital	527.400	615.917	88.517	16,8	12,4	13,3
Total Ingresos non Financeiros	3.999.603	4.409.638	410.034	10,3	93,9	95,0
VIII Activos financeiros	-	15.566	15.566	0,0	-	0,4
IX Pasivos financeiros	259.547	215.523	-44.024	-17,0	6,1	4,6
Total Ingresos Financeiros	259.547	231.089	-28.458	-11,0	6,1	5,0
Total Operacións de Capital	787.248	847.187	59.939	7,6	18,5	18,3
Total	4.259.150	4.640.727	381.577	9,0	100	100

Capítulos	Gastos				Valor relativo	
	2000	2001	01/00		2000	2001
	(en miles de €)		importe	(%)		
I Gastos de persoal	1.233.637	1.307.003	73.366	5,9	29,0	28,2
II Gastos en bens correntes e servizos	252.840	279.615	26.775	10,6	5,9	6,0
III Gastos financeiros	174.606	182.900	8.294	4,8	4,1	3,9
IV Transferencias correntes	1.279.380	1.302.459	23.079	1,8	30,0	28,1
Total Operacións Correntes	2.940.464	3.071.977	131.513	4,5	69,0	66,2
VI Investimentos reais	448.091	525.627	77.537	17,3	10,5	11,3
VII Transferencias de capital	665.567	755.027	89.461	13,4	15,6	16,3
Total operacións non financeiras de capital	1.113.657	1.280.655	166.997	15,0	26,1	27,6
Total Gastos non Financeiros	4.054.115	4.352.632	298.517	7,4	95,2	93,8
VIII Activos financeiros	5.589	72.566	66.977	1.198,3	0,1	1,6
IX Pasivos financeiros	199.446	215.523	16.077	8,1	4,7	4,6
Total operacións financeiras de capital	205.035	288.089	83.054	40,5	4,8	6,2
Total Gastos Financeiros	205.035	288.089	83.054	40,5	4,8	6,2
Total Operacións de Capital	1.318.693	1.568.744	250.051	19,0	31,0	33,8
Total	4.259.150	4.640.727	381.577	9,0	100	100

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

ciativa Interreg no ano 2001, cando no exercicio do 2000, esta iniciativa, estaba presupostada en 4,9 millóns de euros.

Os dereitos recoñecidos netos no presuposto de ingresos da Administración xeral, a 31 de decembro de 2001, acadaron os 4.693,9 millóns de euros, un 1,2% máis da previsión inicial e un 5,6% máis que no exercicio anterior.

O presuposto de gastos da Administración Xeral para 2001 ascendeu a 4.640,7 millóns de euros, cun incremento nominal do 9% (381,6 millóns de euros) respecto ó exercicio anterior. O incremento das operacións correntes foi do 4,5% (131,5 millóns de euros) e a medra das operacións non financeiras de capital foi do 15% (167 millóns de euros), tal como reflicte a súa distribución económica no **cadro 4.1.3**.

Dentro das operacións non financeiras de capital, as transferencias de capital acadan os 755 millóns de euros, un 13,4% máis que no exercicio anterior, e os investimentos reais acadan os 525,6 millóns de euros, un 17,3% máis que no exercicio de 2000.

As obrigas recoñecidas, a 31 de decembro de 2001, acadaron os 4.872,1 millóns de euros, un 93% sobre o presuposto vixente a dita data (5.238,5 millóns de euros), 1,2 puntos máis que o ano anterior. As obrigas recoñecidas por operacións de capital acadaron os 1.358,3 millóns de pesetas, un 81,2% sobre o seu presuposto vixente a dita data (1.672,9 millóns de euros), 2,2 puntos máis que o ano anterior. As obrigas recoñecidas por transferencias correntes acadaron o 96,7% do seu presuposto.

As modificacións de crédito do exercicio acadaron os 597,8 millóns de euros (un 12,8% dos créditos iniciais), 0,6 puntos menos que no ano 2000. Un 48,7% destas modificacións corresponderon a transferencias de capital, un 17,1%, a investimentos reais e un 21,2%, a transferencias correntes.

O presuposto dos organismos autónomos

O presuposto dos organismos autónomos administrativos acada no ano 2001 os 2.171,2 millóns de euros, un 6,4% (131,6 millóns de euros) máis que en 2000.

O devandito incremento é debido, fundamentalmente, ó Servicio Galego de Saúde, cunha previsión de ingresos e autorización de gastos para 2001 que ascendeu a 2.078,9 millóns de euros, un 6,5% (128,4 millóns de euros) superior á do ano anterior. Augas de Galicia, cunha previsión de ingresos e autorización de gastos para 2001 de 71,9 millóns de euros, é o segundo organismo autónomo administrativo cun presuposto maior.

As operacións de capital dos organismos autónomos administrativos (capítulos VI e VII) acadaron o 9,1% (197,6 millóns de euros) do total presupostado, cun aumento de 6,6 millóns de euros respecto ó ano anterior (**cadro 4.1.4**).

O presuposto dos organismos autónomos comerciais, industriais, financeiros ou análogos acada os 233,1 millóns de euros, un 7% máis que no ano anterior.

As operacións de capital dos organismos autónomos comerciais, industriais, financeiros ou análogos (caps. VI e VII) supuxeron o 92,4% (215,4 millóns de euros) do total presupostado, cun aumento de 15,5 millóns de euros con respecto ó presuposto de 2000. Estes datos están reflectidos no **cadro 4.1.5**.

O presuposto consolidado

A través do presuposto consolidado pode apreciarse a dimensión real que os programas de gastos da Administración Xeral e dos organismos autónomos proxectan sobre a actividade económica e social de Galicia, unha vez eliminadas as transferencias internas entre os sectores mencionados (fundamentalmente, capítulos IV e VII de gastos da

CADRO 4.1.4.

Presuposto de ingresos e gastos dos Organismos Autónomos administrativos 2001

INGRESOS	Capítulos								
	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Total
	(en miles de €)								
Escola Galega de Admón. Pública	-	-	-	2.518	-	-	60	-	2.578
Instituto Galego de Estatística	-	-	72	2.422	-	-	2.272	-	4.766
Augas de Galicia	-	-	8.534	2.278	240	-	60.852	-	71.905
Instituto Galego de Consumo	-	-	-	3.564	-	-	1.046	-	4.610
Servicio Galego de Saúde	-	-	27.773	2.035.460	-	-	15.025	625	2.078.883
Academia Galega de Seguridade	-	-	-	1.653	-	-	-	-	1.653
Serv. Galego Promoción Iguald. H-M	-	-	-	6.791	-	-	-	-	6.791
Total	-	-	36.379	2.054.686	240	-	79.255	625	2.171.186

GASTOS	Capítulos								Total
	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	
	(en miles de €)								
Escola Galega de Admón. Pública	733	1.659	-	126	-	60	-	-	2.578
Instituto Galego de Estatística	2.134	325	-	36	-	2.272	-	-	4.766
Augas de Galicia	3.852	889	-	1.052	-	63.106	3.005	-	71.905
Instituto Galego de Consumo	2.681	276	-	607	-	1.046	-	-	4.610
Servicio Galego de Saúde	882.610	555.936	-	511.594	-	127.006	1.112	625	2.078.883
Academia Galega de Seguridade	583	1.070	-	-	-	-	-	-	1.653
Serv. Galego Promoción Iguald. H-M	583	397	-	5.812	-	-	-	-	6.791
Total	893.176	560.552	-	519.226	-	193.490	4.117	625	2.171.186

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

4.

CADRO 4.1.5.

Presuposto de ingresos e gastos dos Organismos Autónomos comerciais, industriais, financeiros e análogos 2001

INGRESOS	Capítulos								
	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Total
	(en miles de €)								
Inst. Galego de Vivenda e Solo	-	-	787	7.561	751	58.899	64.182	30	132.211
Inst. Lacteo Gandeiro de Galicia	-	-	-	4.514	174	-	90.789	-	95.477
Inst. Galego de Artes Escenicas e Musicais	-	-	-	2.092	421	-	2.945	-	5.457
Total	-	-	787	14.166	1.346	58.899	157.916	30	233.145

GASTOS	Capítulos								
	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Total
	(en miles de €)								
Inst. Galego de Vivenda e Solo	5.836	1.791	1.478	-	-	66.670	54.602	1.833	132.211
Inst. Lacteo Gandeiro de Galicia	3.774	733	-	180	-	2.735	88.054	-	95.477
Inst. Galego de Artes Escenicas e Musicais	1.292	625	-	174	-	3.366	-	-	5.457
Total	10.902	3.149	1.478	355	-	72.771	142.656	1.833	233.145

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

Presuposto consolidado de gastos da C.A. 2000-01

Funcións	2000	2001	01/00		Valor relativo	
			importe	(%)	2000	2001
		(en miles de €)		(%)		
1 Servicios de carácter xeral	134.380	155.686	21.306	15,9	2,1	2,3
11 Alta dirección da Com. Autónoma	26.408	30.549	4.141	15,7	0,4	0,5
12 Administración Xeral	107.972	117.113	9.141	8,5	1,7	1,7
13 Administración electoral e part. Políticos	-	8.024	8.024	-	0,0	0,1
2 Seguridade, protección e promoción social	405.888	430.848	24.960	6,1	6,5	6,4
21 Seguridade Social e protec. Social	225.740	241.222	15.482	6,9	3,6	3,6
23 Protección civil e seguridade	10.878	10.434	-445	-4,1	0,2	0,1
24 Promoción do emprego	169.269	179.192	9.923	5,9	2,7	2,7
3 Produción de bens públicos de carácter social	3.899.853	4.148.961	249.107	6,4	62,4	61,4
31 Sanidade	1.995.709	2.130.955	135.246	6,8	31,9	31,5
32 Educación	1.444.851	1.518.163	73.311	5,1	23,1	22,5
33 Vivenda e urbanismo	143.462	150.776	7.314	5,1	2,3	2,2
34 Benestar comunitario	92.147	111.776	19.629	21,3	1,5	1,7
35 Cultura	139.561	162.387	22.826	16,4	2,2	2,4
36 Outros servicios comunit. e sociais	84.124	74.904	-9220	-11,0	1,4	1,1
4 Produción de bens públ. de carácter económico	325.676	372.249	46.572	14,3	5,2	5,5
41 Infraestruc.básicas e do transporte	189.920	213.804	23.884	12,6	3,0	3,2
42 Outras infraestruturas	86.299	103.440	17.141	19,9	1,4	1,5
43 Investigación científica, técnica e aplicada	44.138	49.499	5.361	12,1	0,7	0,7
44 Información estatística básica	5.319	5.505	186	3,5	0,1	0,1
5 Regulación económica de carácter xeral	102.845	125.864	23.019	22,4	1,6	1,9
51 Actuacións económicas xerais	52.877	68.395	15.518	29,3	0,8	1,0
52 Comercio	18.211	20.567	2.356	12,9	0,3	0,3
53 Actividades financeiras	31.757	36.902	5.145	16,2	0,5	0,6
6 Reordenación industrial e desenvol. empresarial	251.151	290.698	39.547	15,7	4,0	4,3
61 Agricultura, gandería e pesca	168.085	182.702	14.617	8,7	2,7	2,7
62 Industria	8.300	8.600	301	3,6	0,1	0,2
63 Enerxía	12.501	20.771	8.270	66,2	0,2	0,3
64 Minería	1.593	1.599	6	0,4	0,0	0,0
65 Turismo	2.903	2.963	60	2,1	0,1	0,0
66 Industrialización e reordenación industrial	57.319	73.612	16.293	28,4	0,9	1,1
67 Desenvolvemento empresarial	451	451	-	0,0	0,0	0,0
7 Plan de crecemento e emprego	228.968	260.785	31.818	13,9	3,7	3,8
71 Complexo agro-gandeiro	85.434	95.765	10.331	12,1	1,4	1,4
72 Complexo mar-industria	72.981	94.275	21.294	29,2	1,2	1,4
73 Complexo silvicultura-madeira	16.408	16.528	120	0,7	0,2	0,2
74 Complexos prioritarios do sector industrial	18.710	13.986	-4.724	-25,2	0,3	0,2
75 Complexo turismo, loxística e servicios a empresas	35.436	40.232	4.796	13,5	0,6	0,6
8 Transferencia a entidades locais	528.566	577.182	48.616	9,2	8,5	8,5
81 Transferencias a entidades locais	528.566	577.182	48.616	9,2	8,5	8,5
9 Débeda pública	372.615	396.301	23.686	6,4	6,0	5,9
91 Débeda pública	372.615	396.301	23.686	6,4	6,0	5,9
Total	6.249.943	6.758.573	508.631	8,1	100	100

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

Administración Xeral a capítulos IV e VII de ingresos dos organismos autónomos), que acadaron os 286,5 millóns de euros.

O presuposto consolidado previsto para 2001 ascendeu a 6.758,6 millóns de euros, cantidade que supera en 508,6 millóns de euros ós estimados inicialmente no ano anterior, sobre os que se incrementa un 8,1%.

Os ingresos por operacións correntes (5.835,5 millóns de euros) experimentaron un incremento de 440,9 millóns de euros, un 8,2% superior ó exercicio anterior. Os ingresos polo total das operacións de capital (923,1

millóns de euros) aumenta en 67,7 millóns de euros, un 7,9% máis que o ano anterior. Este aumento correspóndese basicamente co aumento dos ingresos procedentes de transferencias de capital, que aumentan un 15,9% (86,9 millóns de euros) (**cadro C.4.2.- Presuposto consolidado da Comunidade Autónoma 2000-01: distribución económica**).

Os gastos por operacións correntes (4.995,2 millóns de euros) medran un 5,4% (256 millóns de euros). As transferencias correntes experimentan un crecemento do 4% (67,9 millóns de euros) e acadan os 1.756,4 millóns de euros. A desagregación orgánica,

por actuacións previstas e por orixe de fondos das transferencias correntes aparece nos **cadros 4.1.9., 4.1.11. e 4.1.12.**

Os gastos por operacións non financeiras de capital (1.472,8 millóns de euros) aumentan respecto o ano 2000 nun 13% (169,9 millóns de euros) (**cadro C.4.2.- Presuposto consolidado da Comunidade Autónoma 2000-01: distribución económica**). Os investimentos reais medran respecto ó ano anterior un 12,3% (86,4 millóns de euros) ata acadalos 791 millóns de euros. As transferencias de capital medran un 14% (143,6 millóns de euros), acadando os 681,8 millóns de euros. A súa distribución orgánica, por actuacións previstas e por orixe de fondos dos investimentos reais, aparece nos **cadros 4.1.7. e 4.1.8.** e a das transferencias de capital, nos **cadros 4.1.9., 4.1.10. e 4.1.12.**

Desde o punto de vista da súa distribución funcional, a parte máis importante (90,7%) do presuposto consolidado repartíuse entre as seguintes funcións: Sanidade, o 31,5% (2.131 millóns de euros); Educación, o 22,51% (1.518,2 millóns de euros); Transferencia a entidades locais, o 8,5% (577,2 millóns de euros); Débeda pública, o 5,4% (396,3 millóns de euros); Seguridade Social e protección social, o 3,6% (241,2 millóns de euros); Plan de crecemento e emprego, o 3,8% (260,8 millóns de euros); Infraestruturas básicas e do transporte, o 3,2% (213,8 millóns de euros); Agricultura, Gandería e Pesca, o 2,7% (182,7 millóns de euros); Promoción de Emprego, o 2,7% (179,2 millóns de euros); Cultura, o 2,4% (162,4 millóns de euros); Vivenda e Urbanismo, o 2,2% (150,8 millóns de euros); e Benestar comunitario, o 1,7% (111,8 millóns de euros). Este reparto recóllese no **cadro 4.1.6.**

As variacións cuantitativas, en termos absolutos, por grupos funcionais respecto ó ano 2000, son as seguintes: os Servizos de carácter xeral incrementáanse en 21,3 millóns de euros; Seguridade, protección e promoción social aumenta en 25 millóns de euros; Pro-

ducción de bens públicos de carácter social aumenta en 249,1 millóns de euros; Produción de bens públicos de carácter económico incrementáse en 46,6 millóns de euros; Regulación económica de carácter xeral medra en 23 millóns de euros; Reordenación industrial e desenvolvemento empresarial medra en 39,5 millóns de euros; o Plan de crecemento e emprego aumenta en 31,8 millóns de euros; as Transferencias a entidades locais aumentan en 48,6 millóns de euros; e a Débeda pública aumenta en 23,7 millóns de euros.

Análise das actuacións previstas

O 47,8% do presuposto consolidado (3.229,2 millóns de euros) corresponde a actuacións previstas a realizar a través dos investimentos reais (791 millóns de euros), as transferencias de capital (681,8 millóns de euros) e as transferencias correntes (1.756,4 millóns de euros).

O **cadro 4.1.7.** reflicte que o 66,4% dos investimentos reais corresponde á Administración Xeral (525,6 millóns de euros) e o 33,6% ós organismos autónomos (265,4 millóns de euros). Dos investimentos reais correspondentes á Administración Xeral, as actuacións máis relevantes teñen o seu reflexo no **cadro 4.1.8.**

Cómpre salientar pola súa importancia cuantitativa os investimentos previstos en reparación, ampliación e mellora de centros educativos (44,1 millóns de euros); adecuación, selado e clausura de vertedoiros (19,3 millóns de euros); concentración parcelaria, obras e servizos inherentes (15,9 millóns de euros); vixilancia, prevención e extinción de incendios forestais (14,5 millóns de euros); vía rápida Cambados-Vilagarcía (9 millóns de euros); infraestruturas de comunicación no medio rural (8,4 millóns de euros); e o programa galego de vacinación (7,7 millóns de euros).

Respecto ós investimentos reais dos

4.

Investimentos reais da C.A. Galega 2001: distribución orgánica

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	S. Centr.	Varios	Total	Val. Relativo (%)
	(en miles de €)							
Administración Xeral	36.533	37.966	36.917	58.499	36.848	318.862	525.625	66,4
Parlamento	-	-	-	-	4.256	-	4.256	0,5
Consello de Contas	-	-	-	-	526	-	526	0,1
Consello da Cultura Galega	-	-	-	-	204	-	204	0,0
Presidencia	1.382	1.623	1.581	2.011	8.381	8.343	23.321	2,9
Economía e Facenda	511	-	460	-	8.368	3.992	13.331	1,7
Política Territorial	10.995	15.711	17.691	37.193	3.488	40.520	125.598	15,9
Educación	7.742	5.006	3.035	6.982	1.594	53.054	77.413	9,8
Industria e Comercio	-	-	1.178	-	2.774	6.381	10.332	1,3
Agricultura	9.890	15.433	11.578	7.600	1.897	19.421	65.819	8,3
Cultura	546	-	-	240	2.842	34.751	38.379	4,9
Sanidade e Servizos Sociais	-	-	-	-	78	22.336	22.414	2,8
Pesca	-	-	-	601	-	25.206	25.807	3,3
Xustiza	679	150	582	2.039	-	9.921	13.373	1,7
Familia	-	-	-	-	60	7.693	7.753	1,0
Medio Ambiente	581	42	-	931	1.509	66.972	72.034	9,1
Consello Consultivo	-	-	-	-	114	-	114	0,0
Gastos de Diversas Consellerías	4.207	-	811	902	758	18.271	24.949	3,2
Organismos Autónomos	58.016	34.016	17.264	59.143	17.427	79.550	265.416	33,6
Escola Galega de Administración Pública	-	-	-	-	61	-	61	0,0
Instituto Galego de Estatística	-	-	-	-	-	1.429	1.429	0,2
Augas de Galicia	7.751	4.637	2.845	18.568	-	29.306	63.106	8,0
Instituto Galego de Consumo	218	70	70	70	617	-	1.043	0,1
Servicio Galego de Saúde	30.328	14.748	6.863	18.579	15.854	40.634	127.006	16,1
Instituto Galego de Vivenda e Solo	19.720	14.561	7.487	21.926	365	2.592	66.671	8,4
Instituto Lúceo e Gandeiro de Galicia	-	-	-	-	240	2.494	2.735	0,3
Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais	-	-	-	-	270	3.095	3.366	0,4
Total	94.549	71.982	54.181	117.642	54.275	398.412	791.041	100

